



Confederación Intersindical Galega  
ADMINISTRACION PUBLICA

C.I.G. - AXENCIA TRIBUTARIA

## A CIG considera unha manobra de dilación a posposición do proceso de modificación do réxime de clases pasivas

Ante as informacións aparecidas nos medios de comunicacións relativos á retirada e/ou posposición do proceso da proposta de reforma do Réxime de Clases Pasivas presentada polo goberno, a CIG quere manifestar a súa desconfianza por estas manobras. A central considera que non estamos diante dunha retirada definitiva do documento, senón que assistimos a unha manobra de distracción e que nun futuro inmediato se retomará a modificación das clases pasivas, tal e como ficou recollido no Acordo Social e Económico, asinado entre o goberno, a patronal e as organizacións sindicais CCOO e UGT

A negociación desta reforma das clases pasivas estase realizando fóra do marco da Mesa Xeral das Administracións Públicas, único ámbito legal para a negociación e no que a CIG ten presenza como sindicato máis representativo, co único obxectivo de evitar obstáculos e oposición a acordos que suporán un retroceso na actual normativa aplicábel ás funcionarias e funcionarios públicos no tocante á súa xubilación. Por iso se negocia de costas aos traballadores e traballadoras e se marxina a CIG por manterse firme no combate contra o acordo para ampliar a idade de xubilación, suprimir a xubilación anticipada e reducir as contías das pensións futuras.

A CIG empra a CCOO e UGT para que clarifiquen as súas posturas nesta cuestión; reclama a estas organizacións que cesen no engano aos traballadores e que se comprometan a que non asinarán nin darán o beneplácito a unha modificación do réxime de clases pasivas que supoña atrasar a idade de xubilación dos 65 anos aos 67; subir dos 35 aos 37 os anos de servizo para conseguir o 100% da pensión; ou que elimine a xubilación anticipada a partir dos 60 anos con 30 anos de servizo segundo o Réxime de Clases Pasivas.

A CIG non vai consentir esta marxinación do proceso de negociación nin aceptar un empeoramento das condicións dos traballadores e traballadoras da administración. Por iso advirte que non baixará a garda e seguirá mobilizándose para garantir o actual sistema de pensións, as condicións recollidas no Réxime de Clases Pasivas e o dereito á xubilación anticipada.

**CIG-AEAT:**

**DELEGACIÓN AEAT A CORUÑA**

Comandante Fontanes, 10-sót. - A Coruña

TELF:981 61 68 89-EXT.:868 89//FAX 981 12 72 22

[cigaeat@gmail.com](mailto:cigaeat@gmail.com)